



Concello de A Mezquita

BANDO

D. Rafael Pérez Vázquez, como Alcalde – Presidente do Concello da Mezquita, polo presente,

FAI SABER:

Que o día 13 de xaneiro do 2026 publicouse a seguinte AXUDA do **INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO (DOGA Nº 7):**

“PROGRAMA DE AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO RURAL (Concurrencia non competitiva). Procedemento VI435E, para concellos de menos de 5.000 habitantes, e son axudas dirixidas a apoio do financiamento ás obras de rehabilitación, terminación e/ou ampliación de vivendas, así como actuación dirixidas ao cambio de uso de locais e entreplantas situados nos mesmos para adicalos a residencia habitual ou permanente dos propietarios ou para aluguer. Enténdense incluídas as obras de accesibilidade, conservación, habitabilidade, sustentabilidade e eficiencia enerxética das vivendas.

BENEFICIARIOS: Persoas físicas propietarias ou usufrutuaras dos inmobles a rehabilitar e que acrediten ingresos non superiores a 6,5 veces o IPREM, si a vivenda non está adicada a aluguer.

CONTÍA: os proxectos poderán acadar unha subvención de ata o 75 % do orzamento protexido das obras, non superando en ningún caso a cantidade 30.000 €.

O prazo para pedir dita subvención vai dende o día 21 de xaneiro do 2026 as 9:00 horas ata as 14:00 horas do 1 de setembro do 2026. Ter en conta que van a conceder subvencións segundo a orde de rexistro de entrada na Xunta da mesma.

Para calquera dúbida poden acudir ás oficinas do Concello en horario de 9:00 a 14:00 horas.

En A Mezquita.

O ALCALDE,
Asdo: Rafael Pérez Vázquez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

